

## TEMA 15.- A ARTE DESDE 1945 - COMENTARIO EXPRESIONISMO ABSTRACTO NORTEAMERICANO. POLLOCK: UN: NÚMERO 31


**a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movement; cronoloxía; título; autor:** Un: número 31 é unha pintura sobre lenzo pertencente ao Expresionismo abstracto norteamericano. Cadro pintado por Pollock en 1950. Emprega como técnica pictórica o óleo e o esmalte.

**c.- Analiza e comenta a obra:** o Expresionismo abstracto parte directamente das contribucións de artistas europeos emigrados a Estados Unidos nos anos 40 que levaron alí o influxo das primeiras vangardas . Recolle dos surrealistas o “automatismo psíquico” (colocarse ante o lenzo e comezar a pintar deixando que sexa o subconsciente o que se exprese), a través do cal se plasma no lenzo o mundo subxectivo e interior do artista: aplícanos a lenzos abstractos. Tamén se ve influído polo Expresionismo: expresión dos sentimentos do pintor mediante a forma de aplicar a materia sobre o lenzo.

Agrúpanse baixo a denominación de “expresionismo abstracto” unha serie de pintores que, utilizando a materia aplicada no cadro como forma de expresión, presentan propostas persoais e diferentes. A forma de aplicar a materia sobre o lenzo fai que cada artista se exprese de maneira persoal: o xesto utilizado por cada artista á hora de pintar é diferente. Artistas como Pollock ou De Kooning expresan a súa angustia, dor e rabia a través da violencia coa que pintan; outros, como Rothko, prescinden da violencia xestual e pintan enormes lenzos a base de grandes superficies de cor perfectamente organizadas que nos remiten a un mundo tranquilo. O expresionismo abstracto, pola importancia que ten o xesto á hora de pintar, recibiu tamén o nome de pintura xestual.

O máis importante expresionista abstracto foi Jackson Pollock. É o primeiro e máis representativo artista da chamada “action painting” (pintura de acción) que implica estar literalmente dentro da

obra, xa que o artista traballa seguindo un sistema totalmente novo: Pollock estendía sobre o chan do taller lenzos de enormes dimensións (o lenzo de enorme formato é unha das grandes contribucións do expresionismo abstracto á pintura) -nunca traballaba sobre o cabalete- sobre os que



vertía a pintura por goteo mediante o pincel, directamente do tubo de pintura ou empregando uns cubos perforados previamente polos que a pintura cae sobre o lenzo mediante gotas ou salpicadu-

ras: esta técnica recibe o nome de “dripping” (goteo ou chorreo), técnica que ten moito que ver co “automatismo psíquico” dos surrealistas xa que, ao lanzar a pintura sobre o lenzo mediante gotas e salpicaduras que corren polo cadro, deixa unha certa marxe á casualidade, ao azar (a obra, como o jazz, constrúese ao mesmo tempo que se interpreta), aínda que sempre está algo controlado polo artista, xa que, unha vez que aplica o dripping, con todo tipo de obxectos (vasoiras, culleres, coiteiros, paus) ou coas mans, vai conducindo a pintura por onde lle interesa, creando así unha rede de filigranas, unha maraña, mediante liñas sinuosas que se enredan as unhas nas outras, de tal maneira que a tea está totalmente cuberta de cor cun absoluto “horror vacui”.

Está claro que esta é unha pintura de acción na que o pintor ten que correr literalmente arredor do lenzo para controlar a pintura que chorrea; este movemento incansable do corpo vai acompañado da acción xesticulante da man, que se move rapidamente para controlar a pintura que se espaxa sobre o lenzo. O artista mediante esta forma de pintar descarga sobre o lenzo toda a súa angustia, e a descarga de forma violentísima, podendo falarse máis dun afán de destrución que de creación: é a expresión do malestar dunha sociedade que se fai chamar “do benestar”, dunha época marcada por guerras como as de Indochina e Corea e pola experimentación atómica: unha acción non proxectada nunha sociedade na que todo está proxectado.

Nos cadros de Pollock aparece ademais o que se definiu co termo “all-over”, é dicir, un tipo de composición na que non hai un centro de atención, todas as partes teñen a mesma importancia e transcendencia (polo que o espectador debe pasar a mirada por toda a superficie do lenzo); ademais é como se a pintura puidera expandirse máis alá dos límites do lenzo. Esta composición sen límites, nin horizontes baséase nas pradarias do oeste de Estados Unidos.

En canto á técnica pictórica, mestura os pigmentos con diferentes materias como po de cristal ou area para darlle textura (relevo) ao lenzo.